




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: O Grove. Parroquias: San Vicente do Grove. Extensión: 2,66km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa na que predomina a dinámica sedimentaria que formou un complexo areoso de gran extensión cuxa continuidade tan só se ve interrompida polo saínte rochoso microacantilado da Punta Area das Pipas. O conxunto presenta a característica secuencia de praia, cordón dunar traseiro e lagoa costeira neste caso de pequenas dimensións localizada na parte traseira da praia Area das Pipas. A vertente esténdese por unha chaira modelada en materiais graníticos que dan ao relevo un aspecto ondulado con pequenas elevacións residuais onde aflora o substrato rochoso entre áreas deprimidas resultado da distinta resposta á erosión.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O leste e o sur desta unidade correspóndense con materiais plutónicos datados no Precámbrico-Silúrico. Sobre as Granodioritas Biotítico-Anfibolíticas con facies de gran groso de serie tardía sitúase o núcleo de poboación de Reboredo. Ao oeste, en cambio, no lugar da Lagoa de Bodeira, dominan os depósitos cuaternarios, que son areais de praia na franxa inmediata ao mar, e coluviais cara ao interior.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade de ambiente climático Cálido e Húmido no que a temperatura media anual supera os 15°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. En canto ás precipitacións hai que falar de valores acumulados entre 1200mm e 1400mm ao ano.

OS SOLOS

Ao norte localízanse os areosos álbicos e háplicos do complexo sedimentario que tamén posúe unha pequena lagoa que dá nome á unidade en cuxo entorno se forman chans con hidromorfía variable, gleysois e fluvisois. A parte interna está formada por cambisols dísticos entre os que se intercalan chans máis pobres e de menor desenvolvemento do tipo regosol ou leptosol con afloramentos graníticos en superficie.


AS AUGAS

O elemento hídrico máis destacado dentro desta unidade é a Lagoa Bodeira: unha pequena lagoa litoral que recolle as augas de escorrentía da zona e almacénaas obstaculizada polas barras areosas da praia Area das Pipas, na augas Costeiras 20150.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna mariña das Rías Baixas e, entre Punta de Reboredo e o extremo occidental, ao LIC Complexo Ons-O Grove, incluíndo franxa costeira, lagoa e áreas hidromorfas anexas. Aínda que existen pequenos sectores de acantilados baixos nas puntas, co consecuente hábitat 1230, cantís mariños atlánticos, o que dominan son as praias, que contan con zona dunar onde se reproducen hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas (praias de Area das Pipas, Reboredou e Mexilloeira. Tralas dunas da Praia Mexilloeira subsiste unha lagoa costeira (1150), Lagoa Bodeira, que engade as súas áreas hidromorfas traseiras e o seu extenso bosque de ribeira (máis de 5ha). Na horizontalidade acusada da chaira costeira esta masa ripícola (91E0) únese a outra de gran tamaño e fundamentada tamén nun certo grao de hidromorfía (outras 5ha), á que hai que engadir outras de similar orixe ou procedentes da recolonización a partir de campos abandonados que finalmente outorgan un gran valor ecolóxico á unidade.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A costa presenta un extenso complexo areoso que o converte no principal atractivo turístico. Fronte a el destacan as numerosas bateas dos polígonos mexilloeiros. O extenso parcelario agrícola sitúase ocupando a primeira franxa costeira formado por numerosas e pequenas explotacións, tan só se ve interrompido por masas de arboredo e matogueira costeira. Nun segundo plano os núcleos e os asentamentos existentes sitúanse ao redor da rede viaria principal; posúen certa entidade na península do Grove polo que están provistos dalgúns equipamentos que os dotan de funcionalidade. Existen outras vivendas que se sitúan de forma illada en diversos puntos da costa, próximos aos areais de Mexilloeira, Area das Pipas e Reboredo. Por último destacar a importancia na unidade do acuario do Grove.

MORFOLOXÍA

Os núcleos e asentamentos se sitúan de forma lineal nas marxes da rede viaria principal, as vivendas tradicionais mestúranse con asentamentos espontáneos, cos hotéis, restaurantes e outras vivendas, usadas principalmente como segunda residencia, ofrecendo unha gran diversidade morfolóxica, un exemplo represéntao o núcleo de Reboredo e parte do de San Vicente. Tamén se observan vivendas unifamiliares de uso residencial dispersas na fronte costeira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación transcurre atravesando lonxitudinalmente a unidade enlazando os núcleos de poboación situados ao sur. Dende esta estrada parten outras transversalmente á costa para dar acceso ás praias, existen tamén numerosos camiños de terra e de area que bordean a liña de praia. O acuario do Grove ofrece a posibilidade de realizar travesías didácticas en catamarán e en veleiro.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Dentro do patrimonio arqueolóxico destacan os depósitos romanos de Veiga Grande e o das Moutas de Nartal.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A extensa lonxitude dos areais converte esta unidade nun foco de atracción turística e de alto valor ambiental, por unha banda gracias á boa conservación das súas praias e por ser unha paisaxe pouco alterada, pero abrigo pola presenza da lagoa de Bodeira que converte o areal de Mexilloeira nunha paraxe natural de singular beleza. A situación dos núcleos de poboación afastados da fronte costeira permitiu que esta contorna manteña o seu carácter natural. A parte do uso residencial destacan as actividades relacionadas co turismo e o medio mariño.

DINÁMICA DA PAISAXE

Unidade que presenta bastante estabilidade na dinámica da paisaxe, o extenso parcelario agrícola foi desprazado polo chan de uso residencial, noutros casos a superficie arborado substitúe os cultivos abandonados. Este abandono do cultivo agrícola en gran parte debido ao fenómeno de emigración que se produciu dende principios a mediados do século XX e actualmente ao auxe do sector turístico na zona que propiciou a aparición de novos usos vinculados co sector servizos. A mellora da infraestrutura viaria facilitou a construción de novos asentamentos e en consecuencia o crecemento dos núcleos rurais existentes. A maior alteración visual prodúcese na fronte costeira debido á construción de vivendas unifamiliares illadas ou ás grandes superficies que ocupan un cámping e o acuario do Grove en Punta Moreira.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A lagoa de Bodeira xunto co extenso areal da unidade conforman unha singular paraxe, a visión desta paisaxe preséntase practicamente exenta dos elementos artificiais das paisaxes humanas, conformando coa contorna unha agradable sensación de illamento e tranquilidade propia dun enclave natural, a existencia dunha cala nudista reflicte esta circunstancia. O seu alto potencial ecolóxico vén determinado pola súa pertenza ao IBA Contorna mariña das Rías Baixas e, entre Punta de Reboredo e o extremo occidental, ao LIC Complexo Ons-O Grove, incluíndo a franxa costeira, lagoa e áreas hidromorfas anexas. Destaca a lagoa de Bodeira no medio do extenso areal que conforman as praias tan só o interrompido polo promontorio de Area das Pipas, que ofrece excelentes visuais do areal, propónse un punto de observación entre a praia de Mexilloeira e a de Piñeirón. Esta lagoa costeira emprazada entre Reboredo e a praia de Mexilloeira permanece illada polo areal, posúe xuncos e carrizos que dan acubillo a aves acuáticas e migratorias. A fisiografía suave do relevo permite visuais amplas, e unha excelente visión da boca da ría de Arousa.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Crecedamentos dispersos no entorno de A Gandariña, concretamente auques situados a ambos marxes da carretera local, co obxectivo de ordear os usos do solo e frear crecedamentos espontáneos desvinculados do núcleo rural de Rebedo e sin funcións urbanas que xeneren un continuo urbano que impida a contemplación do litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
| Chairas intermareais / Llanuras intermareales | Matogueiras / Matorrales |
| Marismas / Marismas | Cultivos e prados / Cultivos y prados |
| Praias / Playas | Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
| Dunas / Dunas | Viñedos / Viñedos |
| Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros | Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
| Cantis / Acantilados | Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
| Vexetación costeira / Vegetación costera | Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
| Bosques autóctonos / Bosques autóctonos | Outras masas de auga / Otras masas de agua |
| Bosques de ribeira / Bosques de ribera | Canteira / Cantera |
| Bosques mixtos / Bosques mixtos | Artificial / Artificial |
| Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
| Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

- Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
- Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
- Asentamento funcional / Asentamiento funcional
- Agregado urbano / Agregado urbano
- Nova agrupación / Nueva agrupación
- Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

- Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
- Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
- Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
- Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
- Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
- Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
- Puntos de observación / Puntos de observación
- Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa*
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve*
- Toponimia de costa / Toponimia de costa*
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|-------|-------|--------|---------|---------|
| 0 m | -20 m | -100 m | -500 m | -2000 m |
| -10 m | -50 m | -200 m | -1000 m | -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

- Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
- Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
- Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

- Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
- Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
- Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
- Zona portuaria / Zona portuaria
- Ferrocarril / Ferrocarril
- AVE / AVE
- Autoestradas e auto vías / Autopistas y autovías
- Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
- Outras estradas / Otras carreteras
- Pistas e camiños / Pistas y caminos
- EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



